



## Concello de Vigo

**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **3 de xuño de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

### **2.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 78/1102.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía-Presidencia de data 27/05/16:

*"Próxima a expiración do actual mandato dos membros do Consello Social da Universidade de Vigo (setembro de 2016), en cumprimento da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, art. 77, 3, f), cómpre designar a representación do Concello de Vigo no dito Consello.*

*Examinada a estrutura organizativa do Concello, esta Alcaldía-Presidencia ve conveniente designar novamente a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, como representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE VIGO; polo que, ao abeiro do sinalado no art. 127 m, da Lei, 7/1985, reguladora das bases do réxime local, sométese á **consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:***

**Primeiro.**- Designar a **D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ**, representante do Concello de Vigo no **CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**.

**Segundo.**- Comunicar o presente acordo á concelleira-delegada de Educación, a D. Xulio Calviño Rodríguez, ao Gabinete da Alcaldía e ao Consello Social da Universidade de Vigo.

**Terceiro.**- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 09 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta do 27/05/16 da Alcaldía-Presidencia.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a tres de xuño do ano dous mil dezaseis.



V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



